

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

**C.E.I.P. AGRO DO
MUIÑO
ORTOÑO- AMES**



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1. INTRODUCCIÓN

2. MARCO LEGAL

3. MARCO TEÓRICO

4. NECESIDADES QUE DETERMINAN O NOSO PLAN

5. COMPETENCIAS BÁSICAS A DESENVOLVER DESDE A TITORÍA E OBXECTIVOS

6. CONTIDOS

7. ACTIVIDADES e Programas

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN


9. ANEXOS

I. Marco legal

II. Orientacións para as reunións colectivas coas familias

1.- INTRODUCCIÓN

A función docente non ten por obxecto soamente coñecementos e procedementos, senón tamén valores, normas e actitudes; ten por obxecto, o pleno desenvolvemento persoal do alumnado, un desenvolvemento que implica, por parte do profesorado, o exercicio da función titorial.



O Plano de Acción Titorial será o marco no que se desenvolvan as actuacións do profesorado na relación cos alumnos e as súas familias, polo que todos os profesores están implicados na planificación, aplicación, avaliación e revisión do Plano de Acción Titorial.

Este Plano de Acción Titorial é a sistematización e organización da acción titorial, realizada polo profesorado, sobre todo polos titores, dentro dun programa conxunto que converta dita acción nun traballo planificado de antemán e coordinado no seu desenvolvemento.

O Plano de Acción Titorial abarcará as accións a desenvolver polo profesorado, especialmente polo titor, con alumnos e familias, considerando todo tanto desde o ámbito grupal como desde o ámbito individual.

2.- MARCO LEGAL (Para ver o extracto dos contidos relacionados consultar o Anexo I)

1. LOE. Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE do 4/05/2006) en diante **LOMCE Lei orgánica 8/20013 do 09 de decembro.**
2. Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21/10/96)
3. Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación universitaria (DOG 02/09/97)
4. Decreto 105/2014, do 04 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.(DOG 09/09/2014)
5. Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo e educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23/06/2009)
6. Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
7. Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- MARCO TEÓRICO

A acción titorial na educación infantil e primaria realízase mediante tres vías de atención, principalmente:

1. A acción diaria dos docentes na aula mediante os elementos curriculares: todas as áreas contemplan procedementos, estratexias, normas e valores, metodoloxías, tipos de agrupamento do alumnado, etc. Estes elementos contribúen ao desenvolvemento da maior parte dos obxectivos de acción titorial, pero tamén mediante o que se denomina currículo oculto: os valores e modelos que os profesores transmitimos mediante as nosas actuacións e coas nosas actitudes.
2. A educación en valores con carácter transversal concretadas no proxecto curricular de cada área.
3. As actividades específicas recollidas no Plan de Acción Titorial.

O Plan de Acción Titorial (PAT) é un documento que forma parte do Proxecto Educativo e é onde especificamos os criterios e procedementos para a organización da titoría.

Debe fixar un conxunto de actividades inxeridas no currículo, baseadas nas necesidades do alumnado e dirixidas a eles, que estean secuenciadas no tempo e estruturadas segundo os distintos colectivos do grupo que titoriza: **alumnado, familias, equipo docente**.

Segundo a normativa e o marco legal que nos dirixe, debemos considerar a acción titorial intrinsecamente vinculada á función docente. Forma parte do currículo e está integrada no mesmo. Tanto na educación infantil como primaria o papel do profesor e do titor forman unha unidade indivisible.

Así mesmo, todos os profesores do centro teñen a responsabilidade de levar a cabo tarefas de acción titorial, pero a coordinación destas debe estar centrada nunha soa persoa (o titor do grupo de alumnos/as), que será o que teña a responsabilidade na coordinación do equipo de profesores e no contacto coas familias.

Pero a acción diaria do profesor - titor/a pode verse completada pola aplicación de actividades ou programas de actividades en tempos específicos, e deseñadas segundo as necesidades do centro e de cada nivel.

O PAT ten como finalidade, polo tanto, contribuír e axudar á consecución dos obxectivos educativos establecidos no Proxecto Educativo, desenvolvendo actividades específicas en tempos concretos.

Aínda que a maioría das actividades poden integrarse na programación de cada área, outras precisan un tempo específico planificado de antemán. Estes tempos pódese establecer libremente o titor tratando de planificar un tempo semanal para a aplicación das actividades do PAT, buscando o menor prexuízo das outras materias.

A acción titorial considérase intrinsecamente vinculada á función docente como conxunto de accións articuladas en torno a esta e pretenden contribuír á consecución dos grandes fins da educación e por isto aos obxectivos de etapa

Ao destacar no noso proxecto a función titorial poñemos en primeiro plano e damos máis peso ao carácter personalizado, individualizado, integral e diverso do ensino, fronte á parcelación en materias e a desaparición do individuo no grupo, segundo os seguintes principios:

***Personalización**: educase á persoa como tal, para o desenvolvemento da personalidade de cada un.

***Individualización**: edúcase a persoas concretas, con características concretas e individuais, que se deben respectar, aproveitar e enriquecer.

***Integración**: edúcase á persoa completa, integrando os diferentes ámbitos de desenvolvemento e as liñas educativas; en contraposición á compartimentación educativa ou de coñecementos.

* **Diversificación:** edúcase axustando o ensino á necesidade educativa do alumnado mediante as oportunas adaptacións curriculares, metodolóxicas e de acceso, adecuando a escola ao alumnado, ás súas características, coas súas aptitudes, intereses e motivación diferentes.

4.- NECESIDADES QUE DETERMINAN O NOSO PLAN

NECESIDADE	ACCIÓNS DINAMIZADORAS QUE SUPOÑEN
<i>Personalizar a educación</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento do alumnado - Esixencia realista sempre con expectativas altas. - Adecuación do proceso ensino-aprendizaxe ao alumno. - Seguimento personalizado
Dar resposta á <i>singularidade</i> educativa do alumno	<p>Priorizar a prevención:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento da historia persoal, familiar e escolar - Aspectos socio-familiares que favorecen e dificultan o progreso na aprendizaxe. - Currículo flexible. - Intervención temperá. <p>Para:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación das necesidades educativas reais. - Execución de medidas concretas de tipo: curricular, organizativa e de coordinación de recursos.
Educación <i>integral</i>	<p>Planificación coherente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - De <i>obxectivos integradores</i>: cognitivos, afectivos, motrices, de adaptación e desenvolvemento persoal e social. - De <i>contidos</i>.
<i>Coordinación dos/as responsables.</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Coordinación do equipo directivo – titores/as. - Coordinación dos elementos internos do centro cos recursos externos especializados e coa comunidade en xeral.
<i>Coordinación interniveis e etapas.</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Facilitación do ingreso no centro, cunha dobre actuación sobre a familia e o alumnado. - Mediación no tránsito de niveis e etapas.

5.- COMPETENCIAS BÁSICAS A DESENVOLVER DESDE A TITORÍA E OBXECTIVOS

Desde a titoría, coordinaranse e dinamizaranse as competencias educativas que son comúns en todas as áreas, colaborando con todos os axentes implicados na comunidade educativa.

Estas serían:

4. Social e cidadá

7. Aprender a aprender

8 Autonomía e iniciativa persoal

OBXECTIVOS da titoría formulados como competencias	Criterios de avaliación	competencias básicas relacionadas		
		4	7	8
1. Participar na vida da aula implicándose nas actividades e decisións do seu funcionamento e respectando as normas de convivencia, para comportarse de xeito responsable, respectuoso e crítico.	Manifesta as súas opinións e implícase nas actividades propostas no grupo clase. Responde a convocatorias de actividades que se promoven no centro. Responsabilízase das tarefas comúns Executa ata o final as tarefas que se derivan dos compromisos adquiridos Propón actividades, xogos etc. Cumpre as normas de convivencia	X		
2. Relacionarse coas persoas da contorna cunha actitude de colaboración, de escoita e comunicación, para que valore e sexa capaz de xogar, divertirse e traballar con outros.	Escoita aos compañeiros nos traballos en grupo Razoa a súa postura en confrontacións de diferentes formulacións Valora a achega dos seus compañeiros Coas súas achegas, axuda a avanzar nas tarefas comúns Mostra satisfacción ante o traballo con outros Participa e goza nos xogos con outros Comunícase de forma asertiva	X		
3. Tomar conciencia ante situacións sociais de inxustiza ou violencia recoñecendo e respectando a pluralidade, para que o seu comportamento responda aos valores de xustiza, igualdade, paz e solidariedade nunha sociedade intercultural	Expresa a súa postura ante situacións de inxustiza ou falta de respecto dos dereitos do neno Ten xestos solidarios ante necesidades do seu contorno próximo Manifesta o seu desexo de axuda e apoio futuro ante necesidades sociais Valora e mostra interese pola riqueza das diversas culturas Diríxese correctamente aos demais	X		
4. Reflexionar con actitude aberta sobre o seu modo de desenvolver as prácticas escolares e o seu esforzo, de modo que avalíe o seu rendemento escolar e acepte a axuda necesaria valorando o traballo ben feito.	Inicia as tarefas con confianza en si mesmo Acepta a dificultade e ata a frustración sen abandonar a tarefa Goza ante a tarefa terminada e ben feita Valora de forma realista o seu modo de responder ás obrigacións escolares Utiliza a axenda de forma sistemática Organiza o seu tempo de acordo ás súas obrigacións Coida, organiza e mantén ordenados os materiais escolares Realiza as tarefas escolares de forma responsable e ordenada Prepara as tarefas antes de realízalas		X	X

	Pregunta cando ten dúbidas Busca e selecciona información			
5. Indagar no coñecemento de si mesmo a fin de desenvolver unha adecuada autoestima e facer fronte con seguridade ás novas situacións.	Formula calidades persoais con realismo Recoñece a importancia da axuda dos demais para o seu crecemento persoal Manifesta ilusión e desexo de esforzarse por conseguir as metas que se propón Afronta situacións novas Manifesta as súas opinións con autonomía á vez que con flexibilidade Expresa as súas preocupacións Exterioriza os seus sentimentos e emocións Mantén relacións de igualdade cos seus compañeiros sen caer na dominación nin na dependencia			X
6. Analizar con criterio experiencias e situacións de conflito da vida cotiá, valorando alternativas para poder chegar a tomar decisións con autonomía e respecto	Identifica situacións conflitivas da vida cotiá Toma postura persoal ante situacións conflitivas que xorden no aula Opina ante acontecementos e problemáticas sociais do momento Resolve de forma persoal e autónoma conflitos interpersoais da vida cotiá Busca o diálogo cos compañeiros cando non está de acordo con algo	X	X	

6.- CONTIDOS

<u>O desenvolvemento persoal</u> Comprende contidos referidos ao crecemento persoal, á toma de decisións e á elaboración do proxecto persoal ao longo da vida.	1-Autoestima Autoconcepto Expectativas propias e alleas (efecto Pygmalion, efecto Galatea) Relaxación como autocoñecemento e autocontrol 2-Os sentimentos e as emocións Recoñecemento e identificación de sentimentos e emocións en relación cun mesmo e cos demais Expresión de sentimentos e emocións Autorregulación 3-Identidade persoal Identidade de xénero Identidade cultural ... 4-Potenciación de capacidades Diferentes capacidades e intelixencias
As <u>relacións cos outros</u> : a comunicación, o traballo en equipo e a resolución de conflitos	1- O grupo - Análise dos grupos (líder e liderado, roles no grupo, grupo e agrupamento, sentimento de pertenza) - A acollida (xogos de coñecemento, distensión e confianza) - A integración no grupo (xogos de comunicación e afirmación) 2- As relacións cos outros - As normas de convivencia e a disciplina

<p>Inclúe conceptos, procedementos e actitudes relacionadas co funcionamento dos grupos humanos, o traballo cooperativo, colaborativo e a análise e a resolución de conflitos.</p>	<p>- Organización e funcionamento da clase: - Elección de responsable - Establecemento das normas do aula e coñecemento das do centro</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Formación dos grupos ▪ Sociograma ▪ Potenciación do grupo-aula ▪ Xogos cooperativos ▪ diálogo ▪ A conversación <p>3- Habilidades sociais - Habilidades comunicativas (asertivo, agresivo, pasivo) - Tipos de conduta social - A empatía</p> <p>4- O conflito - Estilos ante o conflito: competición, cooperación, acomodación/submisión, evasión, compromiso (negociación - consenso) - Agresividade e violencia - Estratexias de resolución:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mediación ▪ Axuda entre iguais
<p>3. <u>Os procesos de aprendizaxe</u></p> <p>Comprende competencias que optimizan o rendemento escolar no seu conxunto, á aplicación de técnicas de estudo e estratexias de metacognición.</p>	<p>1-Organización e planificación do estudo - Hábitos de traballo:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Axenda ▪ Condicións ambientais ▪ Normas de traballo nas áreas <p>2-Motivación, esforzo e rendemento</p> <p>3-Estratexias para ensinar a pensar nas diferentes áreas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Resolución de problemas ▪ Creatividade ▪ Metacognición ▪ Razoamento ▪ Concentración ▪ Memorización

7.- ACTIVIDADES

7.1.- Actividades de acollida e integración de alumnos/as

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	ACTIVIDADE	DATA
1. Coñecer as características persoais, familiares ambientais e escolares do alumnado correspondente á súa titoría	1. Recollida de información existente nos arquivos do centro: -Datos persoais e familiares. -Datos relevantes sobre a súa historia familiar e escolar. -Características persoais: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe, adaptación persoal familiar, social e integración no grupo - clase. -Competencia curricular. -Necesidades educativas 2. Coordinación co profesorado do curso anterior	Titores Secretario Orientador	Lectura de expedientes de cada alumno/a Actualizar nas carpetas individuais de titoría a información de cada alumno	Días previos ao comezo de clases en setembro
	2. Facilitar a toma de contacto, integración e participación do alumnado co Centro, aula, instalacións e recursos, así como cos compañeiros, titor e mestres.	1. Avaliación inicial 2. Estudio das características do grupo: estrutura, dinámica, adaptación, motivación, niveis de aprendizaxe, necesidades educativas	Titor/a Orientador Profesorado especialista	Probas de nivel Test sociométrico Observación das interaccións. Dinámicas de coñecemento, relacións, gustos, intereses... (con especial atención ós alumnos novos)
	1. Primeiro contacto do titor coas familia para: - establecer canles fluídos de comunicación	Titor/a	Entrevista inicial individual coas familias para completar a información da carpeta de titoría.	Setembro - Outubro

	- crear un vínculo que permita a adecuada colaboración familia –centro - actualizar datos do entorno familiar que poidan afectar ao desenvolvemento do alumno/a			
	1. Actividades de acollida de novo alumnado de 3 anos	Titor/a	Período de adaptación en E. Infantil 3 anos	Xuño - Setembro.
	2. Actividades de acollida doutro alumnado	Titor/a	Plan de acollida	Momento do ingreso no centro

7.2.- Actividades para mellorar as relacións entre as familias e o centro

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	ACTIVIDADE	DATA
1. Informar ás familias sobre o proceso educativo implicándoas na educación dos seus fillos/as, unificando criterios e liñas educativas que favorezan unha mellor coherencia entre familia e centro educativo 2. Contribuír á axeitada relación e interacción entre os distintos compoñentes da	1. Reunións xerais 2. Entrevistas individuais 3. Elaboración de documentos informativos	Equipo directivo e equipos docentes	Reunión coas familias para información xeral do curso.	Setembro/outubro
		Equipo de nivel	Reunión colectiva	Setembro/outubro (Se fose preciso tamén no 2º e/ou 3º trimestre)
		Titor/a	Entrevista individual á demanda das familias previa cita	Horario de atención ás familias os luns pola tarde
		Titor/a	Entrevista individual á demanda do/da titor/a tras un incidente ou conflito	Horario de atención ás familias os luns pola tarde
		Titor/a Orientador	Entrevista individual á demanda do/da titor/a ou a s familias por dificultades graves de aprendizaxe ou	Horario de atención ás familias os luns pola tarde

comunidade educativa: alumnos –pais -mestres mediando en situacións de conflito.			de conduta.	
		Dirección	Elaboración de documentos divulgativos nos que cunha linguaxe clara permitan ás familias coñecer tanto os aspectos organizativos e metodolóxicos do centro, especialmente os relacionados coa convivencia.	Segundo planificación na PXA
		Todo o claustro	Colaboración coas familias nas actividades organizadas por estes	Segundo planificación na PXA
		Titor/a Orientador	Charlas-coloquio sobre temas que inciden directamente sobre problemáticas no ámbito escolar	Segundo planificación na PXA
		Titor/a	Entrega de notas facilitando a información necesaria para a comprensión eficaz polas familias Valoración dos resultados obtidos en cada caso e propostas de mellora.	Trimestral tras cada avaliación

7.3.- Actividades de atención ás necesidades educativas do alumnado

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	ACTIVIDADE	DATA
1. Axustar o proceso de ensino - aprendizaxe ás características do seu grupo de alumnos/as	1. Adaptar os contidos, obxectivos e metodoloxía ás necesidades do seu grupo	Titor/a	Programación de aula	Setembro
2. Realiza-lo seguimento	2. Rexistro acumulativo de información relevante	Titor/a	Recollida de información mediante observación sistemática (actitude,	Todo o curso

individualizado de cada alumno.			comportamento, habilidades manifestadas, dificultades ...) e entrevistas periódicas. Rexistro de incidencias	
3. Detectar as dificultades de aprendizaxe que poidan xurdir ao longo do proceso e propoñer as intervencións pertinentes.	3. Coordinar os reforzos e apoios optimizando os recursos Equipo de ciclo	Orientador Reunión de ciclo	Plan de atención á diversidade	Setembro
4. Potenciar a participación do alumnado no seu proceso de ensino - aprendizaxe e avaliación analizando o traballo realizado e adoptando compromisos para corrixir os desaxustes que xurdan	4. Reflexionar con cada alumno/a sobre a marcha do curso atendendo ao conxunto de factores que actúan sobre o proceso educativo: traballo persoal na escola e na casa, funcionamento do grupo, actuación do profesorado, programas..., buscando solución aos problemas que dificulten a adquisición de novos aprendizaxes.	Titor/a	Entrevistas individuais periódicas co alumnado	Todo o curso, cando se precise
5. Avaliar o proceso.	5. Avaliar os resultados, a programación e o PAT no seu conxunto	Equipo de nivel	Reunión previa á avaliación	Novembro – Febreiro - Maio
6. Documentar o grao de desenvolvemento da programación anual		Equipo de nivel	Reunión de avaliación	Decembro – Marzo - Xuño
	6. Recoller nun informe final o grao no que se conseguiron as distintas propostas recollidas na programación de aula Establecer as correccións necesarias para mellorar as accións do vindeiro curso	Equipo de nivel	Memoria de aula	Xuño

7.4.- Actividades de organización da aula para favorecer un clima axeitado para a convivencia e o traballo escolar (TITORIA ENTRE IGUAIS)

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	ACTIVIDADE	DATA
1. Motivar ó alumnado e promover accións para a súa participación nas tarefas do centro e para a adopción de condutas maduras e responsables.	Consenso sobre o funcionamento e organización da aula: - Normas de clase, responsabilidades, convivencia - Coñecemento e reflexión sobre as funcións e importancia dos encargados de aula.	Titor/a	Presentación do plan de convivencia do centro Redacción das normas que van regular o funcionamento da aula durante ese curso. Forma de elección do/s encargado/s de aula e as súas diferentes responsabilidades	Setembro
2. Fomentar no grupo o desenvolvemento de actitudes de participación na vida do centro.	Participación dos alumnos, individualmente e como grupo, nas actividades do centro .	Titor/a Equipo de nivel	Preparación e participación nas actividades complementarias e celebracións programadas na PXA	Todo o curso
3. Favorece-los procesos de madurez persoal, de desenvolvemento do propio sistema de valores, e da progresiva toma de decisións na medida en que os alumnos teñan que ir tomando opcións	Fomento dos valores dentro do proceso educativo incidindo no cambio de actitudes (solidariedade, xustiza, tolerancia, paz, liberdade, sinceridade...)	Titor/a Orientador	Programa de mellora da autoestima e desenvolvemento de habilidades sociais	As definidas no programa
	Coñecer os propios sentimentos, expresalos, Comprender os sentimentos dos outros (empatía), expresar o afecto, recuperarse dos fracasos e frustracións, habilidade para	Titor/a Orientador	Programa de mellora da autoestima e desenvolvemento de habilidades sociais	As definidas no programa

na vida. 4. Potenciar no alumnado o coñecemento, mellora e aceptación de si mesmo como persoa favorecendo a adquisición dun bo autoconceito e autoestima. 5. Ensinar a convivir favorecendo a interiorización de habilidades sociais.	recompensarse, mellora da confianza en si mesmo. Decidir sobre o que facer, fixar metas, decidir sobre o que orixina un problema, tomar decisións, concentrarse na tarefa.			
	Dirixidas a: Emitir condutas que afirmen o ratifiquen a propia opinión, sen empregar condutas agresivas para los demais. (Asertividade) Interactuar eficientemente co propio entorno. (Competencia Social)	Titor/a Orientador	Programa de mellora da autoestima e desenvolvemento de habilidades sociais	As definidas no programa

7.5.- Actividades para desenvolver actitudes, hábitos, estratexias e técnicas de planificación e regulación da propia actividade de aprendizaxe “aprendendo a aprender”.

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	ACTIVIDADE	DATA
1. Prever as dificultades de aprendizaxe evitando , no posible, o baixo rendemento, fracaso, abandono e inadaptación escolar 2. Lograr o compromiso da planificación do estudio	Actividades de sensibilización sobre a necesidade que supón a adquisición, dominio e aplicación dun plan de traballo persoal dende pequenos por parte dos alumnos e coa colaboración e seguimento dos pais. Adquisición, mellora e afianzamento dos hábitos, estratexias e técnicas de	Titor/a coordina en colaboración co orientador.	Programa de mellora dos hábitos de estudo	Setembro: planificación Desenvolvemento: Ao longo de todo o curso segundo as datas definidas polo programa

<p>3. Integrar progresivamente as técnicas e estratexias de traballo intelectual no proceso de aprendizaxe interiorizando un método persoal de traballo</p> <p>4. Aplicar os recursos adquiridos</p> <p>5. Avaliar o emprego dos recursos por parte dos alumnos</p> <p>6. Implicar ás familias no proceso de estudo dos seus fillos: horarios, condicións físicas e psíquicas, motivación...</p> <p>7. Implicar a todo o equipo docente nestas actividades para que sexan planificadas e plenamente desenvolvidas nas diferentes áreas.</p>	<p>traballo intelectual:</p> <p>1. Estratexias de enriquecemento cognitivo:</p> <ul style="list-style-type: none"> Solución de problemas Creatividade Razoamento Metacognición <p>2. Hábitos e técnicas:</p> <ul style="list-style-type: none"> Motivación Hábitos de estudo Destrezas instrumentais 	<p>Participa o profesorado do nivel no seu conxunto</p>		
---	---	---	--	--

7.6.- Actividades para a coordinación do profesorado diante da función tutorial

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	ACTIVIDADE	DATA
Desenvolvemento adecuado do PAT	Realizar unha acción coordinada entre os distintos estamentos do Centro, equipos, niveis,..., en relación cos obxectivos, proxectos e actividades fixados no PAT	Dirección Titor/a	Organizar o calendario de reunións, elaborando os guións e concretando as propostas e conclusións	Ao longo do curso
Asumir como tarefa propia docente a acción tutorial e orientadora dos alumnos.	Colaborar na elaboración e revisión do PAT Presentar ao alumnado e ás familias os plans e programas anuais demandando a súa colaboración.	Titor/a Equipo de nivel	Sesións de elaboración e revisión do PAT Desenvolver as accións tutoriais de acordo cos plans establecidos incidindo nas prioridades fixadas	Ao longo do curso
Realizar unha eficaz coordinación interniveis/etapas	Definir e asumir por todo o profesorado os criterios de promoción. Analizar, establecer e concretar as medidas de atención (curriculares e organizativas) que se deriven da decisión de promoción.	Titor/a Equipos de ciclo Orientador	Programa de transición de infantil a primaria, de primaria á ESO e interniveis	Segundo as datas fixadas nos programas
Levar adiante unha verdadeira avaliación educativa.	Organización das sesións de avaliación inicial, continua, final e da propia función docente.	Titor/a Equipos de nivel Dirección Orientador	Reunións de nivel Sesións de avaliación	Ao longo de todo o curso

7.7.- Actividades de apoio do departamento de orientación ao PAT

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	ACTIVIDADE	DATA
Coa Xefatura de estudos, establecer criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías	Revisión do PAT, tendo en conta as directrices marcadas pola CCP Concretar as actividades comúns e específicas para cada nivel e etapa	Xefe de Estudos Orientador	Reunións iniciais coa CCP, Xefe de Estudos e titores	Setembro
Coordina-la acción titorial por niveis e etapas	Reunións periódicas co xefe de estudos e os titores de cada nivel para planificar, coordinar e avalia-las actuacións conxuntas e individuais	Titor/a Xefe de Estudos Orientador	Reunións de Orientador – Xefe de estudos - titores	Ao longo do curso segundo horarios
Posibilitar o deseño e desenvolvemento das programacións titoriais	Asesorar ós titores sobre as responsabilidades e tarefas da titoría Seleccionar e elaborar materias de traballo para as titorías Asesorar sobre o desenvolvemento evolutivo do alumnado Participar no desenvolvemento titorial na aula Participar en reunións coas familias Asesorar e atender a alumnos e pais	Orientador	Reunións de coordinación titorial Aportación do material de titoría elaborado Entrevistas, orientacións, charlas e reunións coas familias e alumnado Entrevistas individuais con titores e alumnos.	Inicio de trimestre Ao longo do curso Atendendo demanda Atendendo demanda
Colaborar no seguimento do proceso ensino - aprendizaxe	Formular propostas na CCP Asesorar en procedementos, técnicas e instrumentos de avaliación do proceso ensino - aprendizaxe Participar na Avaliación: inicial, continua, final, promoción. Detección das necesidades máis frecuentes en cada nivel	Orientador	Reunións da CCP Reunións Equipos Docentes Xuntas de Avaliación: Inicial: dinámicas de adaptación-integración, cuestionarios ás familias. Continua: elaboración de protocolos de informe individualizado e fichas de seguimento.	Ao longo do curso Segundo demandas Trimestralmente

	<p>Detección de NEAE Medidas educativas consecuentes Seguimento do alumnado con maiores necesidades específicas</p>		<p>Final: sesións de avaliación final de, reunións de traspaso de información cos titores seguintes. De promoción: colaborar nas decisións de promoción do alumnado e das decisións que se deriven. Organizar, planificar e facer o seguimento de apoios, reforzos, ACSs...</p>	<p>Última quincena do curso Todo o curso</p>
<p>Realizar Avaliacións Psicopedagóxica</p>	<p>Estudio de casos individuais: Clarifica-la demanda Entrevista Elección de técnicas de avaliación Valoración diagnóstica Determinación medidas educativas Orientación sobre intervención educativa Exploración colectiva: Desenvolvemento madurativo (perceptivo-motriz, aptitudes intelectuais, conceptos básicos, desenvolvemento da linguaxe...) Aprendizaxes instrumentais básicos (exactitude e comprensión lectora, vocabulario, numeración, operacións, resolución de problemas...) Aptitudes intelectuais e aspectos básicos do currículo.</p>		<p>Ficha de demanda, entrevistas(familias, alumnado, profesorado), observación, cuestionarios, guías, avaliación da competencia curricular, probas aptitudinais, baterias psicopedagóxicas...</p>	<p>A demanda Ao longo do curso</p>
<p>Facilitar aos titores/as e profesores/as técnicas e estratexias para mellora-la</p>	<p>Asesoramento en técnicas de dinámicas de grupos, relacións interpersoais, técnicas de observación</p>	<p>Orientador Profesorado implicado</p>	<p>Reunións Orientador - Profesorado</p>	<p>Atendendo demanda</p>

realización de actividades e relación cos alumnos, cos profesores, e coas familias	e entrevistas			
Promove-la formación de titores e profesores mediante a autoformación e participación en actividades de formación planificadas	Difusión de documentos e bibliografía sobre temas educativos Información sobre actividades e cursos de formación Colaboración co Xefe de Estudos na proposta de plans de formación no Centro	Orientador Xefe de Estudos	Reunión da CCP Reunións de equipos docentes	Ao longo do curso
Recoller as inxerencias dos distintos estamentos educativos	Recollida das demandas dos titores Propostas dende o D.O. e estudo conxunto das formas de intervención máis axeitadas	Orientador Profesorado implicado	Reunións dos implicados	Segundo demanda
Avalia-lo Plan no seu conxunto	Indicación dos procedementos e instrumentos para a avaliación Elaboración da memoria do funcionamento do PAT	Orientador Titores/as Xefe de Estudos	Reunión da CCP	Último mes do curso

O noso PAT levarase a cabo co apoio de diferentes programas, en base o consenso do equipo docente e as necesidades plantexadas ao inicio do curso. Poderían ser entre outros os seguintes:

- **PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS**
- **PROGRAMA DE COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA**
- **PROGRAMA DE ALTAS CAPACIDADES**
- **PROGRAMA DE TRANSICIÓN DE ETAPAS**
- **PROGRAMA DE TÉCNICAS DE ESTUDO/APRENDIZAXE**
- **PROGRAMA PREVENTIVO**

- **PROGRAMA DE SAÚDE**

8.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Para o seguimento das actuacións previstas neste PAT, os diferentes equipos de NIVEL reuniranse trimestralmente, logo das sesións de avaliación e información ás familias, para analizar cales foron as actuacións que se desenvolveron (das que estaban previstas) e cales foron as modificacións introducidas, de darse o caso, e as razóns desas modificacións. Nestas reunións cubrirán o informe de seguimento e o farán chegar á Xefatura de Estudos no prazo máis breve posible.

A fin de curso eses mesmos equipos realizarán, ademais, unha valoración xeral do grao de satisfacción do plan desenvolvido e informarán sobre aquelas cuestións que deban terse en consideración no desenvolvemento da acción titorial do próximo curso.

INFORME DE SEGUIMIENTO DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

CURSO:.....

TRIMESTRE:.....

ACTIVIDADE	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	DESENVOLVIDA	EN DESENVOLVEMENTO	NON COMEZADA
7.1.-			
7.2.-			
7.3.-			
7.4.-			
7.5.-			
7.6.-			

7.7.-			

OBSERVACIÓNS:.....

....., de de 202...

O COORDINADOR/A,

Asdo.:.....

MEMORIA-AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Ano académico: 202..-202..

A avaliación-memoria farase sobre as actuacións previstas no desenvolvemento do Plan (punto 3.2), considerando estas tres dimensións: TD (totalmente desenvolvida), PD (parcialmente desenvolvida), ND (non desenvolvida).

ACTIVIDADES PREVISTAS NO P.A.T.	GRAO DE DESENVOLVEMENTO	
		TD
	PD	
	ND	
	TD	
	PD	
	ND	
	TD	
	PD	
	ND	
	TD	
	PD	
	ND	

Propostas de mellora do Plan de Acción Titorial para o próximo curso:
de xuño de 202...

O COORDINADOR/A,

Asdo.:.....

ANEXOS

ANEXO I. MARCO LEGAL

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE do 4/05/2006) en diante **LOMCE Lei orgánica 8/20013 do 09 de decembro.**

Art. 1.f Establece como principio educativo a “orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores”

Art. 18. Organización

5. No conxunto da etapa, a acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

Art. 26 Principios pedagóxicos.

4. Correspóndelles ás administracións educativas promover as medidas necesarias para que a titoría persoal dos alumnos e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional, constitúan un elemento fundamental na ordenación desta etapa.

Art. 91. Funcións do profesorado .

1. c) A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.

1. d) A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, de ser o caso, cos servizos ou departamentos especializados.

Art. 121. Proxecto educativo

2. Este proxecto,(O Proxecto Educativo do Centro) deberá ter en conta as características do ámbito social e cultural do centro, recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción titorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta lei e na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

Art. 129 Competencias (Claustro de profesores)

c) Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos.

Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21/10/96)

Artigo 27º. É competencia do director :

g) Coordina-la elaboración do proxecto educativo do centro, proxecto curricular e programación xeral anual, de acordo coas directrices e criterios establecidos pola Administración educativa e polo consello escolar, e coas propostas formuladas polo claustro e outros órganos de participación, responsabilizándose co equipo directivo da súa redacción e velando pola súa correcta aplicación

Artigo 34º

É competencia do xefe de estudos:

f) Coordinar e orienta-la acción dos titores de acordo co plan de acción titorial.

Artigo 80º

1. A titoría e orientación dos alumnos formará parte da función docente.

2. Cada grupo de alumnos terá un mestre titor que será designado polo director a proposta do xefe de estudos.

3. O xefe de estudos coordinará o traballo dos titores e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción titorial.

Artigo 81º

1. Cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos.
- b) Proporcionar no principio de curso, ós alumnos e ós pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c) Coñece-las características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza - aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordina-las adaptacións curriculares necesarias para alumnos do seu grupo.
- g) Facilita-la integración do alumnado no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do centro.
- h) Orienta-los alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i) Informa-lo equipo de profesores do grupo de alumnos das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- l) Coordina-lo axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
- m) De se-lo caso, organizar e presidi-las sesións de avaliación.
- n) Coordina-lo proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adopta-la decisión que proceda referente á promoción dos alumnos dun ciclo a outro, logo de audiencia dos seus pais ou titores legais.
- ñ) Atender, xunto co resto do profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
- o) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- p) Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- q) Orienta-las demandas e inquiredanzas dos alumnos e mediar ante o resto de profesores, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- r) Informa-los alumnos do grupo, os pais e os profesores de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención ós aspectos e medidas tendentes a facilita-la competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- s) Facilita-la cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos.
- t) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores do grupo.
- u) Cubri-los documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos.
- v) Controla-la falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos, e ter informados os pais ou titores e o xefe de estudos.
- x) Fomenta-la colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- z) Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.

Artigo 91º

Os proxectos curriculares de etapa incluirán:

- 2. O plan de acción titorial.

Artigo 98º

1. A programación xeral anual incluirá os seguintes documentos:

“Incluiranse como anexo á programación anual o proxecto educativo e os proxectos curriculares de etapa do centro e, de se-lo caso, as modificacións posteriores. De non sufrir modificación, non se incluírán de novo, facendo a observación de que seguen vixentes.”

Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación universitaria (DOG 02/09/97)

Capítulo VI

Coordinación docente

5. Titorías.

5.1. Cada grupo de alumnos terá un titor que será designado polo director por proposta do xefe de estudos de acordo co establecido no artigo 80 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. O mestre titor, ademais da súa tarefa específica como docente, responsabilizarase da acción titorial do seu grupo.

5.2. Nos centros nos que o número de mestres sexa igual có de unidades, cada mestre desempeñará a titoría dun grupo de alumnos. Nos centros nos que o número de mestres sexa superior có de unidades, a titoría de cada grupo de alumnos recaerá preferentemente no mestre que teña maior horario semanal co dito grupo. Os mestres que compartan centro só poderán ser designados titores no centro para o que estean nomeados.

5.3. A asignación de titorías ós especialistas farase sempre ós que teñan máis horas dispoñibles, procurando -ó mesmo tempo- que imparta o máximo de horas de docencia no grupo do que vai ser titor.

5.4. Co fin de facilita-la relación do profesor titor cos pais, fixarase na programación xeral anual unha hora semanal para a atención ós pais, dentro do horario non lectivo de obrigada permanencia no centro. Programaranse, igualmente, reunións globais cos pais por titorías, niveis ou ciclos, encamiñadas a expoñe-las liñas xerais do plano de traballo.

En todo caso unha terá lugar antes do mes de novembro.

5.5. Serán funcións propias do titor as indicadas no artigo 81 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

Decreto 105/2014, do 04 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Prólogo. O capítulo terceiro do título segundo refírese ao proceso de aprendizaxe na etapa, establecendo os principios metodolóxicos, con especial énfase na atención a diversidade, na atención individualizada e na prevención das dificultades de aprendizaxe, así como na posta en marcha de mecanismos de reforzo. Neste sentido, dedícase unha parte fundamental do capítulo a abordar as cuestións relativas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e **resalta o papel da titoría.**

Artigo 17. Titoría

1. A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado, sen prexuízo das competencias e da coordinación co departamento de orientación. O profesorado titor coordinará a intervención educativa do conxunto do profesorado que incida sobre o mesmo grupo de alumnos e alumnas de acordo co que estableza a consellería competente en materia de educación, e manterá unha relación permanente coa familia, atendendo á conciliación profesional e familiar, co fin de facilitar o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e no

artigo 6.1 da Lei galega 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

2. Cada grupo de alumnos e alumnas terá un mestre titor ou unha mestra titora, designado/a pola persoa que exerza a dirección, por proposta da xefatura de estudos.

3. É función das persoas titoras informar regularmente os pais, as nais ou persoas que exerzan a tutoría legal do seu alumnado sobre o proceso educativo dos seus fillos e fillas. Esta información realizarase cunha periodicidade trimestral e recollerá as cualificacións obtidas en cada área, así como a información relativa ao seu proceso de integración socioeducativa.

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo e educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23/06/2009)

Preámbulo: “Aínda que a educación infantil constitúe unha etapa educativa cos seus propios obxectivos, en que se debe coidar a transición entre os ciclos, non se pode esquecer que se trata dunha etapa que ten a súa continuidade na educación primaria. Isto esixe a coordinación entre ambas as etapas. Coordinación que en ningún caso se entenderá como supeditación dunha etapa a outra, senón como un instrumento que asegure a coherencia dos procesos educativos iniciados”.

Artigo 10º.-*Tutoría.*

1. Cada grupo de alumnado contará cun titor ou titora que desenvolverá tarefas relacionadas coa organización, participación e control.

2. A educación nesta etapa enténdese como un proceso compartido coas familias que se favorecerá desde o centro docente a través da tutoría, de aí que a persoa responsable manterá actividades periódicas para intercambiar información coas familias.

Artigo 11º.-*Cooperación e participación no proceso educativo.*

2. A persoa responsable da tutoría manterá actividades periódicas para intercambiar información coas familias e adoptará as medidas necesarias para que nais, pais ou titores teñan unha implicación máis directa no proceso de ensino-aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Os centros educativos planificarán un período de adaptación do alumnado para favorecer a transición desde a familia ou desde a escola infantil de primeiro ciclo á nova situación de ensino aprendizaxe.

2. A organización deste período garantirá a integración gradual, do alumnado de nova incorporación desde o inicio das actividades lectivas. En todo caso, estableceranse no proxecto educativo do centro as medidas organizativas e pedagóxicas para este período. Este período en ningún caso poderá superar o mes de setembro e concretarase anualmente na orde que establece o calendario escolar para cada curso académico.

Artigo 8º.-*Proxecto educativo. Incluirá:*

2.g) Liñas xerais para a elaboración dos plans de orientación e acción titorial.

i) As accións previstas para a participación, colaboración e implicación permanente coas familias.

j) Os criterios e estratexias para a coordinación entre ciclos e etapas.

l) Liñas xerais de planificación do período de adaptación.

Artigo 13º.-*Titor ou titora do grupo.*

1. Unha mestra ou mestre de cada grupo de alumnas e alumnos exercerá o labor de tutoría e deberá, baixo a dirección da xefatura de estudos, coordinarse para unha acción común co

profesorado especialista e mestres con función de apoio e reforzo do mesmo grupo de alumnos.

2. A persoa titora de cada grupo será designada pola dirección por proposta da xefatura de estudos, entre o profesorado que imparta máis horas de docencia nel. Garantirase a súa continuidade co mesmo grupo de alumnado ao longo do ciclo.

Artigo 15º.-Medidas de atención á diversidade.

3. Os centros deseñarán, a través do departamento de orientación, accións e recursos encamiñados á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe . Así mesmo, facilitarase a coordinación de cantos axentes interveñan na atención deste alumnado.

Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os departamentos de orientación....terán as seguintes competencias.

Artigo 5º b. Elaborar, de acordo coas directrices establecidas polas comisións de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial dos centros, así como coordina-lo profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

Artigo 10 b. Dacordo coas directrices establecidas no plan de orientación deseñado conforme ao que se establece no artigo 13º da presente orde e da comisión de coordinación pedagóxica do centro, elaboralas propostas do plan de orientación académica e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento deste plan.

ANEXO II. ORIENTACIÓNS PARA AS REUNIÓN COLECTIVAS COAS FAMILIAS

Nas reunións xerais coas familias pretendemos mellorar a colaboración da familia no desenvolvemento dos procesos educativos que teñen lugar no Centro, para elo temos que ter en conta na planificación destas reunións algúns aspectos:

- Realizar as convocatorias con tempo suficiente mediante citación (Abalar móbil- mensaxería) e solicitando que os pais ou nais que non poidan vir notifiquen a súa ausencia.
- Planificar adecuadamente os contidos da reunión xeral (Ver orientacións no anexo II)
- Que haxa un funcionamento coordinado moderando as intervencións.
- Dirixirse coa mirada a todas as persoas do grupo durante a sesión para favorecer a integración de todos.
- Usar unha terminoloxía o máis clara posible, e se é preciso, explicar os termos empregados.
- Evitar as críticas e o enfrontamento entre as familias, e entre elas e o Centro.
- As consultas individuais. Trátase dunha reunión de grupo non individual. Non se debe personalizar en casos concretos, desviando o tema ao día de visita de familias.
- Controlar os pais/ familias asistentes e recollida dos temas tratados para poder valorar con posterioridade.

Materiais:

1. **Rexistro de asistencia. Anexo I**
2. **Orientacións sobre os contidos a tratar nas reunións xerais. Anexo II**

ANEXO I**REGISTRO DE ASISTENCIA DAS FAMILIAS Á REUNIÓN XERAL**

TITOR/A:

NIVEL:

DATA:

HORA:

ASISTENCIA:

Nº de familias citadas:

Nº de familias asistentes:..... % de asistencia:

Nº de familias con ausencia xustificada:..... Sen xustificar:

DURACIÓN:

INCIDENCIAS:

O/A titor/a.

ANEXO II

ORIENTACIÓNS PARA AS REUNIÓNS COAS FAMILIAS

Os contidos a tratar nesta reunión poderían ser:

1. Presentación do titor/a, equipo de Ciclo, profesores especialistas e profesorado de apoio.

2. Presentación do Proxecto Educativo.

3. Plan de convivencia: resolución de conflitos, RRI, (puntualidade, asistencia, disciplina, ...)

4. Información sobre o curso escolar e grupo de alumnos/as:

- Calendario escolar.
- Obxectivos a conseguir no curso
- Información sobre os criterios de promoción e avaliación do alumnado.
- Horario do grupo.
- Normas da clase.
- Plan de Acción Titorial; programa a desenvolver xunto ao Equipo de

Orientación e profesorado de apoio.

- Actividades complementarias: Autorizacións, condicións de asistencia.
- Xustificación das faltas.
- Información sobre os sistemas de apoio e reforzo educativo, sen

particularizar.

- Información sobre as avaliacións: Datas, boletíns.
- Conmemoracións a celebrar.
- Actividades complementarias e extraescolares propostas.

5. Colaboración coas familias:

- Necesidade do seguimento por parte das familias do traballo escolar, facilitarlles o tempo e as condicións ambientais para realizar as tarefas.
- Importancia da lectura.
- Importancia da fluída comunicación cos mestres, recordar o día de visita das familias.

- Orientacións de carácter xeral para mellorar o proceso educativo dos seus fillos/as.

6. Calquera outro tema que o/a titor/a considere oportuno.

7. Rogos e preguntas (non personalizar en casos concretos).

Este Plan de Acción titorial correspondente ao CEIP "AGRO DO MUIÑO" ORTOÑO-AMES, queda aprobado en convocatoria ordinaria do Claustro de profesores con data de de 202...

Asdo. A DIRECTORA

A SECRETARIA